

FUNDACION DEPORTE GALEGO

Memoria de Xestión e de Actividades 2024

SUMARIO

I. PERFIL ORGANIZATIVO	3
II. PLAN DE ACTUACIÓN APROBADO	8
Versión inicial. Pleno do Padroado de 16 decembro de 2022	8
Modificación das actuacións	¡Error! Marcador no definido.
III. ACCIÓN INSTITUCIONAL	¡Error! Marcador no definido.
III.1. ÓRGANOS DE GOBERNO.	10
III.1.1. Padroados	10
III.2. RELACIÓN CON ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS.	11
III.2.1. Xunta de Galicia.....	11
III.2.2. Entidades patrocinadoras e colaboradoras.	11
IV. DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE ACTUACIÓN.....	12
(ACTUACIÓN A001). ACTUACIÓNS DE DESENVOLVEMENTO DO PLAN GALEGO PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE FÍSICA "GALICIA SAUDABLE" (DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE FOMENTO DE ACTIVIDADE FÍSICA SAUDABLE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E IMPULSO DO SECTOR DA ACTIVIDADE FÍSICA E O DEPORTE PARA QUE SEXA UNHA FERRAMENTA DE CRECEMENTO ECONÓMICO DE GALICIA)	13
(ACTUACIÓN A004). AXUDAS A DEPORTISTAS GALEGOS/AS DE ALTO NIVEL.	16
(ACTUACIÓN A006). CONVENIOS, AXUDAS E PATROCINIOS A ENTIDADES DEPORTIVAS (CONVENIOS DE PATROCINIO COS CLUBS GALEGOS DE ALTA COMPETICIÓN)	20
V. INFORMACIÓN ECONÓMICA.....	30
V.1. CONTA DE RESULTADOS.	30
V.2. BALANCE DE SITUACIÓN.....	32

I. PERFIL ORGANIZATIVO

I.1. FINS FUNDACIONAIS

A **Fundación Deporte Galego** – en diante a Fundación- nace no ano 2001 coa finalidade de “promover e incentivar o deporte e a práctica deportiva en Galicia”, servindo ao interese xeral de Galicia. Para o cumprimento deste propósito, a Fundación poderá levar a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- a) Colaboración coas administracións e con institucións e entidades, públicas e privadas, en calquera actividades, accións e programas, que coadxuven ao mellor cumprimento dos seus fins fundacionais.
- b) Organización e/ou apoio, de eventos deportivos e outras actividades e accións relacionadas cos seus fins, a celebrar na comunidade autónoma galega, ou fóra dela cando sexa de interese para aquela, así como participación, apoio, patrocinio, ou calquera outra forma de colaboración, na realización de actividades, programas e eventos vinculados ao ámbito deportivo, organizados por outras persoas, entidades ou institucións, públicas ou privadas.
- c) Fomento da actividade física e do deporte base e de alta competición en Galicia.
- d) Realización de actividades encamiñadas á captación de recursos e ao estímulo do mecenado das entidades e institucións para o apoio do deporte e dos/as deportistas galegos/as, así como tamén a realización de actividades dirixidas a involucrar os medios de comunicación no proceso de divulgación e promoción da actividade física, do deporte e dos/as deportistas galegos/as.
- e) Realización de actividades formativas e divulgativas nos ámbitos de interese para a Fundación, así como a edición de publicacións e outros soportes informativos, relacionados cos fins fundacionais.
- f) Realización de patrocinios, outorgamento de becas e concesión de axudas no ámbito dos seus fins.
- g) Construción e/ou xestión, directa ou indirecta, de instalacións deportivas, públicas e privadas, podendo a Fundación, no seu caso, fixar os prezos a percibir polos servizos prestados aos/ás usuarios/as atendendo ao estipulado pola lexislación en vigor.
- h) Xestión de instalacións deportivas pertencentes á administración autonómica. A fundación xestiona, directa ou indirectamente, as instalacións e servizos seguidamente referenciados e de titularidade da comunidade autónoma galega:
 - Complexo Deportivo de Elviña (A Coruña)
 - Complexo Deportivo de A Sardiñeira (A Coruña)
 - Complexo Deportivo de Agra I (A Coruña)
 - Pavillón polideportivo Agra II (A Coruña)
 - Pavillón polideportivo Elviña II (A Coruña)
 - Pavillón polideportivo de Montes das Moas (A Coruña)
 - Pavillón polideportivo de Monte Alto (A Coruña)
 - Parques deportivo e acuático, e instalacións anexas, de Acea de Ama (Culleredo, A Coruña)
 - Complexo deportivo de Monterrei (Pereiro de Aguiar, Ourense)

- i) Tramitación diante das administracións, institucións e outras entidades das correspondentes solicitudes de subvención, axudas, así como a xestión de doazóns, convenios de colaboración, contratos de patrocinio, etc., que aporten recursos para o cumprimento dos fins fundacionais.
- j) Exercicio das actividades económicas precisas para o cumprimento dos seus fins, así como todas aquelas accións subordinadas ou accesorias á actividade principal.
- k) Calquera outra actuación que, directa ou indirectamente, contribúa á mellora da actividade física e do deporte na comunidade autónoma de Galicia.

I.2. RÉXIME XURÍDICO

Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, a **Fundación** foi constituída pola Xunta de Galicia, como fundación de interese galego para o fomento do deporte e a práctica deportiva no seu ámbito de actuación. A Fundación está declarada de interese galego por Orde do 19 de xuño de 2001, adscrita dende xaneiro de 2010 ao Protectorado da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e cualificada e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego.

A Fundación ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar, actuando de conformidade co establecido en ordenamento xurídico, tódolos actos que se estimen necesarios para o cumprimento dos seus fines.

Como fundación de interese galego está sometida á Lei 12/2006, de fundacións de interese galego, ao Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, ao Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Rexistro de fundacións de interese galego, ás demais normas que as desenvolvan ou substitúan, e á normativa estatal que resulte de aplicación.

Pola súa condición de fundación do sector público de Galicia, tamén lle é de aplicación a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a normativa de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a lexislación xeral de subvencións, a Lei de contratos do sector público, e a normativa da función pública de Galicia, nos aspectos que procedan.

Réxese tamén polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 49/2002 de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais de mecenado, publicada no BOE nº 307 do 24 de decembro do 2002; a Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, publicada no BOE nº 310 do 27 de decembro do 2002 e o Real Decreto 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

I.3. ESTATUTOS.

En data 11 de xaneiro de 2024 acordouse unha modificación estatutaria debido á modificación do artigo 22 (Xuntanzas do Padroado e Convocatoria). Modifícase o artigo 22 coa finalidade de reducir o prazo previsto para a remisión da convocatoria do padroado, que pasa de ser de nove a cinco días naturais. Tamén se reduce a antelación mínima coa que se porá a disposición dos membros do padroado a documentación relativa aos puntos da orde do día da reunión. Pola súa banda, engádense dous novos números ao dito artigo para que se permita a posibilidade de celebración do padroado por medios telemáticos e a posibilidade de adopción de acordos sen reunión.

Trala tramitación administrativa correspondente, a modificación elevouse a público ante notario o 9 de xullo de 2024.

I.4 ÓRGANOS DE GOBERNO

No exercicio 2024, producíronse cambios no Padroado da Fundación

A 31 de decembro de 2023 o Padroado estaba composto polos seguintes membros:

- ♦ **Presidente:**
 - Sr. Don José Ramón Lete Lasa (Secretario Xeral para o Deporte).
- ♦ **Vicepresidente:**
 - Sr. Don Manuel Pillado Quintáns, (Director Xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia).
- ♦ **Vogais:**
 - Sr. Don Jorge Atán Castro (Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio).
 - Sr. Don José Manuel Merelle Remy, (Director da Axencia de Turismo de Galicia).
 - Sr. Don Alfonso Sánchez Izquierdo (Director Xeral da CRTVG).
 - Sra. Dona Belia Méndez Rial (Subdirectora Xeral de Plans e Programas da Secretaría Xeral para o Deporte).
- ♦ **Secretario:**
 - Sra. Dona Alicia Seijas Peña.

En data 16 de xaneiro de 2024 comunícase o cese do vogal Don José Manuel Merelles Remy por cesamento no seu cargo como director da Axencia de Turismo de Galicia. En data 03 de maio de 2024 D. José Manuel Merelles Remy, acepta o cargo de vogal da Fundación, en calidade de director da Axencia de Turismo de Galicia.

En data 22 de abril de 2024 comunícase o cese do vogal Don Jorge Atán Castro por cesamento no seu cargo como Secretario Xeral Técnico y del Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública. En data 03 de maio de 2024 D. David Cabañó Fernández, acepta o cargo de vogal da Fundación, en calidade de Secretario Xeral Técnico y del Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública

A 31 de decembro de 2024 o Padroado estaba composto polos seguintes membros:

- ♦ **Presidente:**
 - Sr. Don José Ramón Lete Lasa (Secretario Xeral para o Deporte).
- ♦ **Vicepresidente:**
 - Sr. Don Manuel Pillado Quintáns, (Director Xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia).
- ♦ **Vogais:**
 - Sr. Don David Cabañó Fernández (Secretario Xeral Técnica e do Patrimonio).
 - Sr. Don José Manuel Merelle Remy, (Director da Axencia de Turismo de Galicia).
 - Sr. Don Alfonso Sánchez Izquierdo (Director Xeral da CRTVG).
 - Sra. Dona Belia Méndez Rial (Subdirectora Xeral de Plans e Programas da Secretaría Xeral para o Deporte).

- ♦ **Secretario:**
 - Sra. Dona Alicia Seijas Peña.

I.5. EQUIPO DE XESTIÓN

Para o desenvolvemento do Plan de actuación por parte do persoal da Fundación Deporte Galego establécense catro áreas de traballo, atendendo a criterios de relevancia e peso dos contidos de cada área en relación ao montante do orzamento e á carga de traballo. Así mesmo, establécense un área de administración e contabilidade que da soporte a todos os procedementos transversais das áreas técnicas. A representación destas áreas de traballo estruturase como segue:



O sistema de traballo é sempre interdisciplinar, debido ao reducido número de efectivos fixos cos que conta a Fundación para o desenvolvemento de todas as actuacións. Non é posible contar con coordinadores e persoal específico e diferente en cada área porque a carga de traballo por área non é homoxénea durante todo ano, de xeito que en determinados meses un área pode ocupar a todos os efectivos mentres as outras non teñen actividade.

De tal xeito, para establecer un sistema de xestión eficiente, o xerente coordina todas as áreas e o resto do persoal distribúese en cada unha segundo a porcentaxe de carga de traballo que se estima que vai desenvolver. Durante o ano 2024 o equipo humano da **Fundación Deporte Galego** estivo conformado por 9 persoas coa seguinte distribución funcional:

- ♦ Xerencia: Sr. Don Iván Clavel San Emeterio.
- ♦ Administración: Sra. Dona Noelia Rivas Pazó e Sra. Dona Alicia Seijas Peña.
- ♦ Contabilidade: Sra. Dona Mónica Moreira Estévez
- ♦ Directores Técnicos: Sr. Don Gonzalo Mella Liñares, Sr. DLuciano Díaz Martínez, Sr. Don Miguel Rodríguez del Corral, Sra. Dona María Sonia Martínez Jiménez.
- ♦ Coordinador de instalacións: Sr. don Fernando Marcos Hidalgo.

II. PLAN DE ACTUACIÓN APROBADO

Pleno do Padroado de 19 decembro de 2023

En canto ao Plan de actuación da Fundación, conforme o artigo 39 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego:

1. O Padroado elaborará e remitiralle ao protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación, no que queden reflectidos os obxectivos, as actividades que se prevexan desenvolver durante o exercicio seguinte, unha previsión das partidas de ingresos e gastos calculados e mais unha memoria explicativa do mesmo plan de actuación.
2. Este plan de actuación deberásele presentar ao protectorado acompañado da certificación de aprobación por parte do padroado da fundación, que as depositará no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

No cumprimento do establecido na norma, o Pleno do Padroado en data 19 de decembro de 2023, aprobou o Plan de actuación para o exercicio 2024 que se recolle a continuación:

II.1. LIÑAS PRINCIPAIS

De acordo a os seus estatutos a Fundación ten por finalidade a promoción e incentivo do deporte e da actividade física en Galicia, comprendéndose nestes ámbitos tanto as actividades deportivas competitivas como calquera outras vertentes do eido deportivo e da actividade física, como son o ámbito educacional, a saúde ou, entre outros, os ligados á vertente económica do deporte e ás súas función sociais. No seu ámbito de actuación destacan para o 2024:

- Como eixo transversal a todas as actuacións desenvolvidas anualmente pola Fundación, prima a colaboración coas administracións e con institucións e entidades, públicas e privadas, en multitude de actividades, accións e programas. Será habitual no 2024, a colaboración con Universidades, empresas e o tecido asociativo galego de forma xeral e o deportivo en particular. A Fundación sempre pretende xerar ferramentas e modelos que faciliten o traballo cooperativo entre todos os axentes implicados, co obxecto de que aqueles sexan sostibles no tempo, tentando sempre “empoderar” á cidadanía para que incorpore nas súas vidas hábitos saudables e concretamente a práctica de actividade física na súa vida cotiá.
- A organización directa por parte da Fundación de eventos, actividades formativas, grupos de traballo, etc.... ou o apoio a actividades organizadas por terceiros, deben ser e serán a concreción das actividades sinaladas neste documento.
- A promoción do deporte galego de alto nivel e outro dos fins fundacionais e está permitindo por unha banda, obter grandes resultados polos clubs e deportistas e por outra, incrementar o número de equipos de alto nivel con estrutura de deporte base que participan en competicións nacionais e internacionais. O deporte de alto nivel e o deporte base deben ir sempre da man, xa que as entidades e deportistas de alto nivel son o espello no que se mira o deporte base, e o deporte base é o xermolo do que pode ser no futuro o deporte de alto nivel pero sobre todo o que pode ser, e debe ser, unha sociedade galega saudable e fisicamente activa. Por outra banda, o outorgamento de axudas e patrocinios da Fundación, lle ofrece un destacado retorno ao deporte galego e a Galicia, a través dos excepcionais resultados deportivos dos/as nosos/as deportistas e sobre todo da extraordinaria empatía e orgullo que lle xera á sociedade galega o número de deportistas que cada ano representa á nosa comunidade nas competicións estatais e internacionais de máxima relevancia, como son os Xogos Olímpicos/Paralímpicos, Campionatos do Mundo e de Europa, entre outras múltiples competicións.
- Os estatutos fundacionais recollen tamén entre as súas prioridades a realización de actividades encamiñadas á captación de recursos e ao estímulo do mecenado das entidades e institucións para o apoio do deporte e dos/as deportistas galegos/as, así como tamén a realización de actividades dirixidas a involucrar os medios de comunicación no proceso de divulgación e promoción da actividade física, do deporte e dos/as deportistas galegos/as. Traballarase para fomentar a comunicación das actividades propias e as subvencionadas ou patrocinadas. Preténdese mellorar a identidade corporativa nas campañas de comunicación e conseguir unha comunicación áxil e rápida cos cidadáns.
- No relativo ás instalacións deportivas, como en exercicios anteriores, tal e como lle encomendou a Xunta de Galicia cando lle cedeu os centros deportivos sinalados nos estatutos, a Fundación continuará xestionando estes,

directa ou indirectamente, co obxecto de garantir o mellor servizo posible aos cidadáns, favorecendo que cada vez máis galegos e galegos practiquen actividade física de xeito regular.

II.2. EIXO E OBXECTIVO ESTRATÉXICOS:

EIXO
E1.- Reto demográfico
PRIORIDADE DE ACTUACIÓN
Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade

II.3. MEDIDAS, ACTUACIÓNS E INDICADORES:

MEDIDA				
OBXECTIVO ESTRATÉXICO/INTERMEDIO	MEDIDA	2024	2025	2026
OE.1.4.07.	Impulsar o deporte dende a etapa escolar e como práctica integradora e inclusiva que conduza á súa xeneralización entre a poboación galega, fortalecendo o deporte feminino e atendendo aos deportistas de alto nivel durante e despois da súa dedicación deportiva, así como procurando as condicións máis adecuadas que coadxuven aos clubs e deportistas nas súas respectivas competicións deportivas dentro e fóra de Galicia.	3.806.133	3.806.133	3.806.133

ACTUACIÓNS				
CÓDIGO	DESCRICIÓN ACTUACIÓN	2024	2025	2026
A001	Actuacións de desenvolvemento do Plan Galego para o Fomento da Actividade Física "Galicia Saudable"	1.034.596	1.034.596	1.034.596
A004	Convocatoria de axudas aos Deportistas Galegos de Alto Nivel para apoiar aos deportistas recoñecidos pola Secretaría Xeral para o Deporte	688.576	688.576	688.576
A006	Fomento do Deporte Galego a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas	2.082.961	2.082.961	2.082.961

INDICADORES				
	UNIDADES	2024	2025	2026
Entidades beneficiadas	Nº	570	575	580
Concellos beneficiados	Nº	285	285	285
Federacións deportivas beneficiadas	Nº	26	26	26
Número de alumnos/as avaliados a través de DAFIS	Nº	50.000	54.000	58.000
Número de participantes en cursos, xornadas formativas e divulgativas	Nº	130	135	140
Número de Alumnos /as participantes nos Proxectos de Vida Activa e Deportiva	Nº	55.000	58.000	60.000
Número de centros educativos participantes no Plan Proxecta	Nº	315	285	285
Número de deportistas beneficiados/as da Oficina de Atención ao Deportista	Nº	50	55	60
Deportistas de alto nivel beneficiarios de axudas (mulleres)	Nº	120	125	130
Deportistas de alto nivel beneficiarios de axudas (homes)	Nº	240	245	250
Equipos beneficiados	Nº	212	215	220
Equipos beneficiados (femininos)	Nº	95	97	100

III. ACCIÓN INSTITUCIONAL

III.1. ÓRGANOS DE GOBERNO.

III.1.1. Padroados

11 DE XANEIRO: Apróbase a modificación do artigo 22 dos estatutos da Fundación. Apróbase a actualización dos prezos polo uso dos pavillóns xestionados directamente. Requírese a empresa xestora dos Complexos de Elviña I, Sardiñeira e Agra I para que emende o proxecto de execución de obras do Complexo de Elviña I.

26 DE MARZO: Aprobación dos pregos que rexerán a contratación do servizo de Xestión, Mantemento básico e limpeza do Complexo de Monterrei (Pereiro de Aguiar) para a campaña de verán 2024

3 DE MAIO: Aprobación dos novos membros do Padroado, D. José Manuel Merelles Remy e D. David Cabañó Fernández. Aprobación da convocatoria de Axudas a persoas deportistas, técnicas, adestradoras, xuíces e árbitros galegos/as de alto nivel, primeira fase. Apróbase o Proxecto de Execución do Complexo Deportivo de Elviña I e de Sardiñeira. Apróbase por unanimidade a proposta máis vantaxosa no procedemento de contrato do Servizo de Xestión, Mantemento Básico e Limpeza do Complexo Deportivo de Monterrei para a campaña de verán 2024. Apróbanse as tarifas para a campaña de verán 2024 do Complexo Deportivo de Monterrei. Apróbanse as actuacións previas á licitación da concesión de Servizo de Xestión Integral do Complexo Acuático de Acea da Má.

16 DE MAIO: Apróbase por unanimidade a proposta de adxudicación da mesa de contratación no procedemento de contrato do Servizo de Xestión, Mantemento Básico e Limpeza do Complexo Deportivo de Monterrei para a campaña de verán 2024

04 DE XULLO: Apróbase por unanimidade as contas anuais e a memoria de xestión de actividades do exercicio 2023. Aprobación da proposta da 1ª Resolución das Axudas DGAN París 2024. Aprobación do contrato programa de xestión da Fundación Deporte Galego. Aprobación do desconto de familias monoparentais para o complexo de Monterrei, equiparándoas ao desconto por familia numerosa.

31 DE XULLO: Aprobación do incremento de orzamento e proposta da 2ª Resolución das Axudas DGAN París 2024. Aprobación do plan de patrocinio de Equipos de Alta Competición 2023/2024- 2ª Fase. Aprobación do desconto de 50% para persoas con discapacidade do 33% ou máis nos prezos da cota mensual do complexo acuático de Acea da Má.

22 DE NOVIEMBRE: Aprobación do incremento de crédito e proposta da 3ª Resolución das Axudas DGAN París 2024. Aprobación da convocatoria anual de axudas DGAN e TAXAGAN. Aprobación por unanimidade do plan de Patrocinio de Equipos de Alta Competición 2024/2025 1ª Fase. Aprobación por unanimidade de sanción á empresa OHL-Ingesán.

20 DE DICIEMBRE: Aprobación do Plan de Actuación da Fundación para o Exercicio 2025. Aprobación por unanimidade do cambio de cadro de persoal da Fundación. Aprobación dos pregos para a licitación da concesión de servizos do Complexo Acuático e clínica deportiva de Acea da Má. Aprobación do plan de patrocinio a equipos galegos en ligas profesionalizadas.

III.2. RELACIÓN CON ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS.

III.2.1. Xunta de Galicia.

- ♦ Secretaría Xeral para o Deporte.
 - Financiamento de gastos ordinarios e programas de actividades da Fundación a través de transferencias nominativas por importe de 2.624.460 euros
 - Realización de actuacións conxuntas en diferentes programas de actividades.

III.2.2. Entidades patrocinadoras e colaboradoras.

- ♦ ABANCA Corporación Bancaria, S.A.
 - Asinouse en 2020 un contrato de patrocinio para 5 anos entre 2020 e 2024, ambos inclusive, (asinado o 15 de abril de 2020). O importe anual deste para financiar o Plan de Patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia tiña un importe de 1.000.000 euros anuais máis I.V.E. Dese xeito, o importe da táboa anterior de 2023 corresponde coa anualidade do 2023.
 - Asinouse en 2024 unha addenda ao contrato de patrocinio anterior para outros cinco anos entre 2025 e 2029, ambos inclusive (asinado o 23 de xullo de 2024). O importe de cada anualidade para financiar o Plan de Patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia ten un importe de 1.157.024,79 euros anuais máis I.V.E.
 - O 20 de decembro de 2024 asínase unha modificación da citada addenda, pola que se autoriza a financiar co patrocinio de 2025 os plans de patrocinio de Equipos de Alta Competición do ano 2023/2024. A resultas desta modificación, o importe da anualidade do exercicio 2025 pasou a financiar dúas anualidades, 2024 e 2025. O criterio de imputación na conta de resultados desa anualidade foi en función do gasto contable en patrocinio publicitario dos Equipos de Alta Competición incluídos no Plan de Patrocinio, executado neses dous exercicios á data de formulación destas contas anuais.

IV. DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE ACTUACIÓN

A Fundación Deporte Galego pretende continuar coa consolidación e incremento da práctica deportiva e da actividade física na poboación galega, aproveitando os seus beneficios máis alá da mera competición, no ámbito da saúde e da economía e utilizando as súas funcións educativa e social. O grao de cumprimento dos indicadores das actuacións do 2024 e o desenvolvemento económico nas tres grandes liñas foron os seguintes:

- **Grao de cumprimento dos indicadores das actuacións previstas:**

Código	Actuación	Indicadores	Previstos	Execución
A001	Actuacións de desenvolvemento do Plan Galego para o Fomento da Actividade Física "Galicia Saudable"	Persoas beneficiarias directas do Plan	14.800	20.621
		Beneficiarios/as de xornadas formativas e divulgativas	130	384
		Número de entidades beneficiarias do Plan	570	1.566
		Número de alumnos/as avaliados por DAFIS	50.000	61.280
		Número de alumnos/as participantes nos Proxectos de Vida Activa e Deportiva (PVAD)	55.000	71.561
		Número de centros educativos participantes no Plan Proxecta (PVAD)	315	368
A004	Convocatoria de axudas aos Deportistas Galegos de Alto Nivel para apoiar aos deportistas recoñecidos pola Secretaría Xeral para o Deporte	Deportistas galegos (homes)	240	39
		Deportistas galegas (mulleres)	120	26
		Deportistas beneficiados da Oficina de Atención ao Deportista	50	162
A006	Fomento do Deporte Galego a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas	Equipos beneficiados	212	243
		Equipos beneficiados (femininos)	95	111

• **Grao de desenvolvemento das actuacións:**

Actuación	Ingreso	Gasto	Resultado
AA001. Actuacións de desenvolvemento do Plan Galego para o Fomento da Actividade Física "Galicia Saudable"	1.025.314,88	-1.448.898,76	-423.583,88
AA004. Convocatoria de axudas aos Deportistas Galegos de Alto Nivel para apoiar aos deportistas recoñecidos pola Secretaría Xeral para o Deporte	430.148,98	-502.228,21	-72.079,23
AA006. Fomento do Deporte Galego a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas	3.663.441,19	-3.294.557,71	368.883,48
ADMINISTRACIÓN	29.327,36	-59.381,75	-30.054,39
TOTAL ENTIDAD	5.148.232,41	-5.305.066,43	-156.834,02

(ACTUACIÓN A001). ACTUACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DO PLAN GALEGO PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE FÍSICA "GALICIA SAUDABLE" (DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE FOMENTO DE ACTIVIDADE FÍSICA SAUDABLE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E IMPULSO DO SECTOR DA ACTIVIDADE FÍSICA E O DEPORTE PARA QUE SEXA UNHA FERRAMENTA DE CRECEMENTO ECONÓMICO DE GALICIA)

Ámbito de actuación	Local Comunitario			
Actuacións previstas	Indicadores	Executadas	Descrición	Participantes
Establecer unha rede de centros promotores da saúde	Nº de unidades de prescrición	0	Creación da rede	0
Organización de cursos para profesionais do exercicio e da AF para a prescrición de exercicio no ámbito comunitario	Nº Cursos	1	Cursos sobre muller e deporte	79 persoas
Fomento da práctica de actividade física en todas as idades mediante a oferta de actividades atractivas e actuais	Número de abonados a instalacións deportivas xestionadas pola fundación		Seguimento da xestión das empresas concesionarias, que garante unha oferta suficientemente atractiva e actual	20.621 persoas

Ámbito de actuación	Educativo			
Actuacións previstas	Indicadores	Executadas	Descrición	Participantes
Ampliación dos colectivos de actuación dos programas de fomento da actividade física e da plataforma DAFIS no ámbito educativo iniciados ao abeiro do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.	n.º centros participantes		<i>Centros públicos e concertados que participan no Programa Proxectos de Vida Activa e Deportiva, a través do Plan Proxecta</i>	368 centros educativos
Organizar xornadas formativas e divulgativas	N.º xornadas realizadas	4	<i>Curso de formación para o profesorado participante en DAFIS (3)</i>	45 persoas
			<i>Proxectos de vida activa e saudable en centros educativos escolares. Alumnos do grado de CC do deporte da UDC (1)</i>	60 persoas
Incrementar o número de alumnos/as avaliados a través da plataforma DAFIS	Número de alumnos avaliados	8.438	<i>Alumnos/as totais avaliados/as</i>	61.280 persoas
Número de Alumnos /as participantes nos Proxectos de Vida Activa e Deportiva	Número de alumnos participantes		<i>Alumnos/as participantes</i>	71.561 persoas

Ámbito de actuación	Sanitario			
Actuacións	Indicadores	Executadas	Descrición	Participantes
Posta en práctica dunha actuación conxunta para a promoción da actividade física saudable na que exista unha coordinación efectiva entre os facultativos e outros axentes do sistema sanitario e os profesionais da actividade física	Modelos implantados	-	Deseño de modelo de “prescripción de actividade física dende o centro de saúde”. Pendente de implantar	-
Cursos de formación para persoal sanitario en coordinación coa Consellería de Sanidade, co obxectivo de que os profesionais sanitarios recomenden a práctica de Actividade Física.	Xornadas divulgativas	4	Formación Adestra a túa Saúde a través da plataforma ACIS da Consellería de Sanidade	200 persoas

Ámbito de actuación	Persoas maiores			
Actuacións	Indicadores	Executadas	Descrición	Participantes
Xornadas formativas e divulgativas sobre envellecemento activo, con modelos de intervención comúns nos centros de maiores	n.º xornadas realizadas	0		

Ámbito de actuación	Novas tecnoloxías			
Actuacións	Indicadores	Executadas	Descrición	Participantes
Mellora da plataforma para a prescrición e seguimento da práctica de actividade física por profesionais	Creación da plataforma		A plataforma está a disposición dos concellos adheridos ao programa Adestra a túa Saúde	1 entidade
Posta en marcha de RIDEGA (Registro de Instalacións Deportivas de Galicia)	Posta en marcha		Integración das plataformas de xestión e Galicia activa co fin de xerar un rexistro de instalacións oficial	1.522 entidades inscritas
Mellora da plataforma DAFIS de valoración da condición física saudable para a súa aplicación en diferentes ámbitos e modelos de actuación.	Accións de mellora		Mellora da explotación de datos e da imaxe da web, coa reorganización dos contidos web	1 entidade

Ámbito de actuación	Deportivo			
Actuacións	Indicadores	Executadas	Descrición	Participantes
Accións para o fomento da práctica deportiva federada	Nº de colectivos	42	Uso gratuíto das instalacións deportivas: federados, xogade,...	42 entidades

• **Recursos humanos empregados na actividade:**

	Número		Número de horas	
	Previsto	Executado	Previsto	Executado
Persoal asalariado	8	8	7.992	7.992
Persoal con contratos de servizos	0	0	0	0
Persoal voluntario	0	0	0	0

- **Beneficiarios ou usuarios da actividade:**

	Número	
	Previsto	Executado
Persoas físicas	119.930	164.122
Persoas xurídicas	885	1.947

- **Obxectivos e indicadores de realización da actividade**

Obxectivo	Indicador	Previsto	Executado	Grao de cumprimento
Incrementar o número de persoas físicas e entidades beneficiarias directas do Plan	Número de persoas beneficiarias	14.800	20.621	139%
Organizar xornadas formativas e divulgativas	Número de persoas beneficiarias	130	384	295%
Incrementar o número de entidades beneficiarias directas do Plan	Número de entidades beneficiarias	570	1.566	274%
Incrementar o número de alumnos/as avaliados a través da plataforma DAFIS	Número total de alumnos avaliados	50.000	61.280	122%
Incrementar o número de alumnos/as participantes nos Proxectos de Vida Activa e Deportiva (PVAD)	Número de alumnos/as	55.000	71.561	130%
Incrementar o número de centros educativos participantes no Plan Proxecta (PVAD)	Número de centros educativos	315	368	116%

Alcanzáronse a meirande parte dos obxectivos, destacando o número de persoas formadas motivado, principalmente, pola formación a persoal sanitario para a prescrición de exercicio. O gran éxito dos Proxectos de Vida Activa e Deportiva e a gran acollida da plataforma DAFIS fai que o número de persoas beneficiarias se incremente substancialmente. Por outra banda, a posta en marcha de RIDEGA e a inclusión das entidades titulares das instalacións deportivas é o principal responsable do incremento do número de entidades beneficiadas.

Cabe destacar o incremento de persoas beneficiarias directas do Plan Galicia Saudable motivado un ano máis pola recuperación do número de persoas usuarias dos centros deportivos xestionados pola Fundación.

(ACTUACIÓN A004). AXUDAS A DEPORTISTAS GALEGOS/AS DE ALTO NIVEL.

A convocatoria destas axudas continúa coa axuda á preparación e participación das persoas DGAN (Deportistas Galegas de Alto Nivel) e persoas TAXAGAN (Técnicas, adestradoras, xuíces e árbitros Galegas de Alto Nivel), en competicións de modalidades/especialidades olímpicas e non olímpicas de ámbitos estatal, europeo e/ou mundial.

Do mesmo xeito que nas edicións olímpicas anteriores de Londres 2012, Río 2016 e Tokyo 2020, o desenvolvemento desta actuación estase a realizar durante o exercicio 2024 a través dunha convocatoria de axudas, con dúas fases consecutivas:

- Unha primeira fase, a presente que nos ocupa, denominada AXUDAS GALICIA-PARÍS 2024, orientada a aquelas persoas deportistas, técnicas principais e auxiliares, adestradoras principais e auxiliares, xuíces ou árbitros, incluídas na listaxe definitiva de convocados/convocatoria oficial definitiva, para os XXOO/XXPP de PARÍS 2024.
- Unha segunda fase, a continuación da presente, denominada AXUDAS DGAN 2024, a convocar ao remate dos Xogos Paralímpicos París 2024, orientada ao resto de persoas deportistas, técnicas, adestradoras, xuíces e árbitros galegas de alto nivel, con recoñecemento en vigor pola Secretaría Xeral para o Deporte como DGAN nos anos 2023 e 2024, que non foran beneficiarias de axuda nesta presente convocatoria e que reúnan os requisitos para ser beneficiarias, de acordo aos criterios establecidos que serán publicados nas correspondentes bases.

Finalmente en 2024 só se convocou a primeira fase das axudas, concedéndose un total de 65 axudas por un importe total de 436.500 euros, segundo o seguinte detalle:

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	MODALIDADE	IMPORTE
ARÉVALO	LÓPEZ	CARLOS	PIRAGÜISMO	12.000,00 €
CORRALES	RODAL	RODRIGO	BALONMÁN	12.000,00 €
ECHEGOYEN	DOMÍNGUEZ	TAMARA	VELA	12.000,00 €
GERMADE	BARREIRO	RODRIGO	PIRAGÜISO	12.000,00 €
IGLESIAS	FORNEIRO	ADIARATOU	DEPORTE ADAPTADO - ATLETISMO	12.000,00 €
NIEVES	CAMPELLO	GUSTAVO	DEPORTE ADAPTADO - ATLETISMO	12.000,00 €
PELETEIRO	BRIÓN	ANA	ATLETISMO	12.000,00 €
PORTELA	RIVAS	MARÍA TERESA	PIRAGÜISMO	12.000,00 €
RODRÍGUEZ	GACIO	SUSANA	DEPORTE ADAPTADO - TRIATLÓN	12.000,00 €
SAAVEDRA	REINALDO	JUAN ANTONIO	DEPORTE ADAPTADO	12.000,00 €
AGUILAR	MARTÍNEZ	YULENMIS	ATLETISMO	9.000,00 €
ALONSO	VILARIÑO	MARÍA VICTORIA	DEPORTE ADAPTADO	9.000,00 €
BEN	MONTENEGRO	ADRIÁN	ATLETISMO	9.000,00 €
BENEDETTI	GONZÁLEZ	JULIA	PATINAXE	9.000,00 €
DE LA PUENTE	RIOBÓ	MARTÍN	DEPORTE ADAPTADO	9.000,00 €
FERNÁNDEZ	FRAGA	ALICIA	BALONMANO	9.000,00 €
GARRIDO	BRUN	JACOBO	DEPORTE ADAPTADO	9.000,00 €
GARRIGÓS	ROSA	FRANCISCO	JUDO	9.000,00 €
HORTA	POMBO	CAETANO XOSE	REMO	9.000,00 €

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	MODALIDADE	IMPORTE
JÁCOME	COUTO	ANTÍA	PIRAGÜISMO	9.000,00 €
LORENZO	DÍAZ	MANUEL ENRIQUE	DEPORTE ADAPTADO	9.000,00 €
MOSQUERA	RIAL	ADRIÁN	DEPORTE ADAPTADO	9.000,00 €
REYES	PLA	ENMANUEL	BOXEO	9.000,00 €
SHERAZADISHVI LI	SAKVARELIDZE	NIKOLOZ	JUDO	9.000,00 €
TOIMIL	FERNÁNDEZ	MARÍA BELÉN	ATLETISMO	9.000,00 €
VILA	BARGIELA	DESIREE	DEPORTE ADAPTADO- ATLETISMO	9.000,00 €
CHAMOSA	DACASA	ANTÍA	ATLETISMO	6.000,00 €
CONDE	ROMERO	RODRIGO	REMO	6.000,00 €
CRESPO	PENAS	PABLO	PIRAGÜISMO	6.000,00 €
DE VALDÉS	ÁLVAREZ	MARÍA	NATACIÓN	6.000,00 €
DOMÍNGUEZ	MARTÍN	DIEGO	PIRAGÜISMO	6.000,00 €
FERRÓN	GUTIÉRREZ	JUAN	DEPORTE ADAPTADO	6.000,00 €
GARCÍA	OTERO	CAROLINA	PIRAGÜISMO	6.000,00 €
GARCÍA	TORNÉ	DAVID	JUDO	6.000,00 €
GINZO	ARANTES	PAULA	BALONCESTO	6.000,00 €
MARTÍNEZ	ABELENDIA	LAURA	JUDO	6.000,00 €
